

O MELGA, un museo para visitar en Ponteceso



REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 68-72

Manuela Vázquez Coto

Doutoranda no Programa Oficial de
Doutoramento en Ciencias do Deporte,
Educación Física e Actividade Física Saudable.
Universidade da Coruña

manuela.vazquez.coto@udc.es



Patrimonio Lúdico Galego

O NACEMENTO DO MELGA

O Museo Etnolúdico de Galicia (MELGA) abriu as súas portas o 27 de setembro de 2013. Detrás ten un laborioso traballo e unha coidadosa posta a punto por parte do seu creador e director, D. Ricardo Pérez y Verdes, amante da educación física e do deporte en xeral, e apaixonado do xogo e deporte tradicional en particular.

Pérez y Verdes sempre estivo vinculado ao mundo do deporte como xogador de distintas disciplinas: balonmán, fútbol, atletismo (lanzador de xavelina) e voleibol, sendo incluso internacional deste último. Tamén foi seleccionador nacional de Costa Rica, Colombia e España co equipo de voleibol e exerceu durante 51 anos de profesor de Educación Física nas distintas etapas educativas da educación formal, ata que no ano 2010 se xubilou na Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte na Universidade da Coruña. Foi a partir deste momento cando puido dedicar todo o seu tempo á súa paixón, o xogo e o deporte tradicional. A colección privada de xogos e enredos que foi albergando ao longo da súa vida e que pertencen á Fundación Ricardo Pérez y Verdes, algunhas doazóns que lle fixeron chegar e, sobre todo, as ganas de facer en Galicia un sitio único e imprescindible para dar a coñecer o patrimonio lúdico tivo como resultado o MELGA. Os seus obxectivos baséanse en conservar, investigar e difundir a historia do xogo e o deporte tradicional sen esquecer o xoguete. Os enredos tamén son moi importantes neste contexto e polo tanto merecen estar presentes, recuperalos, difundilos e promocionar a súa fabricación e uso. A relación entre os brinquedos, o xogo e o deporte é moi estreita dado que en moitos casos non existiría o un sen o outro. Digamos que establecen entre si un vínculo forte

que, de non existir algunha das dúas partes, todo o demais non tería sentido. Aquí si que podemos dicir que non pode vivir o un sen o outro.

Actualmente o MELGA está integrado na Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais e é un membro máis do colectivo que integra o chamado Patrimonio Lúdico Galego, o cal naceu para dar sentido e forma ás actividades que se leven a cabo en Galicia e que están relacionadas co xogo e o deporte tradicional. Con isto nace tamén a primeira base de datos en liña sobre este mesmo tema. Dita base de datos é unha guía de recursos que nos dá información sobre institucións, entidades tanto públicas como privadas, empresas e artesáns, e outros colectivos que enmarcan as súas actividades en torno ao xogo e deporte tradicional e á súa recuperación. Pódese acceder a ela a través de: www.xogotradicionais.gal ou www.xogopopulares.gal. As últimas noticias que temos é que en breve o MELGA tamén formará parte do REMA, Rede de Espazos con contido Museístico Atlántico.

ONDE ESTÁ E QUE PODEMOS VER NO MELGA?

Para poder visitar o museo temos que achegarnos ao concello de Ponteceso, que está situado na comarca de Bergantiños, ao oeste da provincia da Coruña e en plena Costa da Morte. Esta comarca está formada por outros concellos como son: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Malpica de Bergantiños.

O MELGA atoparémolo no edificio do Centro Cultural do concello. Á parte do propio museo están alí radicados a Biblioteca Municipal, a Oficina de Turismo, a Aula Municipal de Informática, o Servizo de Orientación Laboral, a Oficina Municipal de Información Xuvenil, unha sala de re-

unións e conferencias, e outros espazos que serven como despachos, sen ir máis lonxe o do propio director do museo que tamén o emprega como un pequeno almacén, pois nel hai sobre unhas 550 pezas máis. Todo iso sen contar as máis de 12.000 que están nunha antiga escola de Ponteceso e que por falta de espazo non se poden expoñer. Neste despacho Pérez y Verdes tamén dispón dunha biblioteca humilde, ao redor de 400 exemplares. E digo humilde pois a súa biblioteca privada conta con máis de 35.000 libros dos cales 4.000 son específicos sobre a temática do museo e están a disposición de calquera persoa investigadora sobre este ámbito.

Na parte inferior do edificio é onde están as dúas salas, de 400 m² cada unha delas, que lle dan vida ao MELGA. A sala 1, tamén chamada multifuncional, que é a que nos atopamos nada máis entrar, fai un percorrido ao longo dos anos do xogo tradicional galego, distinguindo e mostrándonos enredos, xogos de locomoción, de lanzamento, de loita e forza, de habilidade, e de pelota e balón.

Nesta mesma sala tamén se mostran xogos e deportes tradicionais das comunidades autónomas do resto da Península e doutras rexións de Europa e demais continentes. O depor-

te tradicional galego tamén está presente nun recuncho desta sala. Nel podemos ver os catro deportes existentes en Galicia: a chave (diferenciando a chave da Coruña/Santiago, a de Pontevedra, a de Ourense e a de Ferrolterra); a billarda (tamén chamada estornela, billa...); os birlos ou bólos (en Galicia temos diversas modalidades dependendo da zona onde se xogue) e os xogos náuticos ou marítimos (entre os cales podemos citar as traíñas ou as dornas).

Tamén é ben sabido por nós que o poeta Eduardo Pondal naceu e viviu parte da súa vida nesta vila, e como non, o MELGA quería deixar constancia nunha vitrina dos divertimentos que rodearon o citado autor.

Na zona central da sala, e dependendo da época, podemos ver carrilanas, carretas e carros. Á par, un grande estante amósanos unha amplísima colección dende os tempos máis antigos ata a actualidade de trompos, peóns, perinolas e perindolas, así como tamén de boliches e embocabolas.

En ocasións realízanse obradoiros, como por exemplo o taller que se fixo de plastilina, impartido pola ilustradora e deseñadora gráfica María Noel Toledo, ou o de origami e papiroflexia, levado por Diana Franco Blanco. Tamén se celebran eventos especiais como as distintas





edicións do Festipopeóns (Festival de Ponteceso de Peóns) que aglomera unha serie de actividades que van dende a decoración de peóns á realización de diversos xogos de resistencia, de lanzamento, de precisión e trucos cos peóns, ata intentar bater o récord do mundo de baile de peóns.

A sala 2 vincúlase máis coa historia, coa evolución dos xogos e dos deportes nas distintas épocas e civilizacións ata chegar á actualidade. Nela tamén hai referencias aos Xogos Olímpicos antigos e modernos, e mencións especiais e obxectos de deportistas galegos que saíron en campionatos mundiais, nas Olimpíadas e Paralimpiadas. Mágoa que polo de agora predominen as referencias masculinas, xa que só figura Julia Vaquero (atleta de probas de longa distancia e campo a través) como deportista feminina galega e non é porque non existan máis. Dende sempre tivemos moi boas deportis-

tas aquí en Galicia que merecen ser recoñecidas publicamente e facelas visibles por todos os lugares que acadaron. O ocio e o deporte teñen un compoñente feminino que non debemos nin esquecer nin invisibilizar, é máis, sempre debemos manifestar, para que a historia que se conta da nosa cultura, do noso pasado sexa a verdadeira, a real, a que aconteceu. Para que a presenza feminina aumente no MELGA só se necesita que as deportistas

se animen a facer algunha doazón e así o seu director non dúbida en facelas públicas.

A exposición de obxectos e pezas presente nesta sala fai un percorrido que abarca dende a Prehistoria, pasando pola Idade Media, a Idade Moderna, a Idade Contemporánea ata chegar á Idade Pos-Contemporánea, os nosos días, o século XXI. Podemos atopar xogos tan antigos como o "xogo real de Ur", o "senet", o "boliche", as "cunitas de gato"... e outros tan actuais como un "beyblade" (trátase dun moderno peón con lanzador) ou un "spinner", tamén chamado no noso país "xirel", nome que lle dou recentemente o alumnado do IES Félix Muriel de Rianxo.

No chan podemos ver pintada o que semella unha pista de atletismo. Quizais Pérez y Verdes se inclinou por reflectir este deporte e non outro por ser o atletismo a forma organizada de deporte máis antiga do mundo. Atopáronse pegadas de actividades atléticas en baixorrelevos exipcios que se remontan ao ano 3.500 a.C. e debemos dicir que as primeiras noticias documentadas de competicións atléticas na antigüidade localízanse en Grecia alá polo 884 a.C. e as referencias que hai de competicións atléticas en Europa, Irlanda concretamente, datan do 332 a.C.



Á parte de poder ver entre as dúas salas e o ástrago máis de 2.000 obxectos entre cadros, esculturas e pezas, tanto orixinais como réplicas, podemos ampliar a información de todo o alí exposto grazas ás explicacións que conteñen as distintas pantallas interactivas que hai. A esta información súmase a que nos achega cada unha das cartelas que identifica cada un dos xogos, onde se reflicte o seu nome, a procedencia, a data aproximada de cando se xogaba e se é reproducida ou doada por alguén. Ademais, podemos ver paneis que nos van ampliando a información con sinxelos textos explicativos e algunha imaxe, e outros que recompilan os distintos nomes que pode ter un xogo galego dependendo da zona na que se xogue. Todo isto pode resultar moi útil se a visita non é en grupo e polo tanto non pode ser guiada. Por outro lado, ao non ser guiada, perde esencia, pois faltaríanos o ardor, o entusiasmo que transmite o seu director en cada unha das visitas. É emocionante ver como se

involucra con cada unha delas e a paixón que contaxia a cada unha das persoas alí presentes. Non hai mellor imaxe que ver a Ricardo Pérez y Verdes mostrando un xogo, gozando con el e que todo o grupo se derreta por querer vivir ese momento.

Como nos podemos dar conta, ademais da numerosa colección que nos ofrece, o MELGA amósanos tamén unha catalogación seria e meticulosa de cada unha das pezas alí expostas. A exposición que podemos ver no MELGA é unha exposición viva e cambiante pois as pezas trócanse, modifícanse por outras cada certo tempo para darlle vida, singularidade e novidade ao museo. Visitar o MELGA é como facer unha viaxe ao longo dos tempos a través do xogo e o deporte tradicional, e esta viaxe evidencia non só que tipo de ocio se practicou ao longo da historia senón que tamén nos dá resposta a preguntas como: quen o practica, cando, onde, como, por que e para que. En definitiva, dános información

para coñecer un pouco máis o noso pasado, a nosa cultura, os nosos lugares, a nosa xente, os seus costumes e formas de vida..., e aprender diso é evitar que caia no esquecemento.

Pero para min, e isto é o máis interesante e o que o diferencia doutros museos é que podemos xogar. Si, interactuar, facer real esa práctica, volver cadaquén ao seu tempo pasado, divertirnos e vivenciar xogos cunha riqueza cultural importante e doutras culturas que, de non ser aquí, seguramente non coñeceríamos nin nunca teríamos a oportunidade de practicalos. Este é o lugar idóneo para que conflúan as distintas xeracións. Por un lado, as crianzas teñen a oportunidade de coñecer novos xogos, aprender a xogar e a construír brinquedos... pois dende que as novas tecnoloxías da información e a comunicación irromperon nas nosas vidas, o noso patrimonio lúdico foise esquecendo e mingando pouco a pouco. E por outro, as persoas maiores reviven en moitos casos



a súa infancia, a súa adolescencia ou simplemente o seu tempo pasado. Lembran os seus divertimentos, os seus nomes, as regras... en definitiva, recuperan a memoria histórica dos seus xogos e axudan a mantela viva.

Tanto unha sala como a outra contan con pequenos espazos para xogar, para vivir esa práctica lúdica da que demos conta en parágrafos anteriores de forma xenérica, e ademais é unha das características a sobresaír deste museo, como xa dixemos tamén. Pero á parte destas dúas salas nas que se facilita a práctica, o MELGA conta no exterior cun campo amplo, 3.000 m², que a día de hoxe non está debidamente acondicionado para xogar. Aínda que é ben certo que antigamente non había espazos específicos para tal fin, pois eran as corredoiras, camiños, prazas ou calquera outro lugar da natureza os que se empregaban para xogar e divertirse. A idea do seu director é que este campo nun futuro se converta nun parque temático do xogo e o deporte tradicional. Así e todo, durante estes anos xa estivo activo, pois nel realízase o campionato de Tirabalas, o aberto de Billa, e é o lugar de práctica de diversos xogos cando veñen de visita grandes grupos e o tempo acompaña, como por exemplo: "recollida de mazarocas", "tirafungueiro", "birlos", "as varas", "carrilanas", "varapau", "a ra", "a chave", "a choucha", "a turra da maroma"... entre moitos outros. Ademais, o MELGA organiza outras actividades como a "Baixada de carretas, carros e carrilanas" polas festas da Barquiña en Ponteceso, así como tamén rutas e encontros de bicicletas clásicas en diversos concellos.

A EXISTENCIA DESTE TIPO DE INSTITUCIÓNS.

Institucións destas características son un acerto e a súa existencia é imprescindible para ter coñecemento a partir dunha vi-

sión etnolúdica, que rara vez existe, da evolución da humanidade, dos pobos e do ser humano. Con elas estamos velando o legado patrimonial e polo tanto é necesario que os órganos de goberno correspondentes e as administracións públicas as apoiem e lles dean cobertura para que poidan existir e perdurar.

En Galicia temos numerosas asociacións e colectivos ("Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional", "Brinquedia, Rede Galega do Xogo Tradicional", "Asociación Cultural Dorna", "Clube de Amigos da Chave de Ferrolterra", o propio Consello da Cultura Galega, "Tempo de Xogar", "O Varal", "Xotramu", entre moitas outras), empresas privadas ("Etnoga, Patrimonio Cultural", "Miudiño", "Xandobela, Educación e Dinamización Sociocultural", "Xeneme, Intervención Social"...), e museos (a parte do MELGA podemos visitar o "Museo da Capela", "Museo Galego do Xoguete", "Museo Galego da Marioneta", "O Recuncho das Argalladas"...), que desenvolven as súas actividades (ou parte delas) de creación, elaboración, divulgación, promoción... ao redor do xoguete, do xogo e do deporte tradicional. Isto pódese facer porque somos unha das comunidades, xunto co País Vasco, Cataluña, Andalucía e Canarias, que máis riqueza lúdica posúe. Aínda así, boto en falta formación específica neste eido. Cursos específicos, seminarios e incluso un título propio de Monitor/a de Xogos e Deportes Tradicionais serían un complemento máis para a xente que traballa e está vinculada con este campo, xa que a educación formal (nin os ciclos formativos existentes nin as carreiras universitarias vixentes vencelladas á actividade física e o deporte) non ofrece esta posibilidade.

O xogo tradicional mantívose vivo ao longo dos tempos grazas á transmisión oral que se fixo del e á práctica por parte de quen o coñecía. Se non continuamos con esta dinámica quedará o seu reflexo tan só plasmado en textos e en vitrinas. Por iso o feito de que o MELGA vaia máis alá, utilizando a práctica real do xogo, merece polo menos apoio, recoñecemento e visitas. Destas últimas non carece, pois dende a súa inauguración a finais de setembro de 2013 ata o verán de 2017 xa levaba máis de 18.000 visitas, tanto de escolares de todas as idades (educación infantil, primaria, ESO, ciclos formativos, universidade), como de asociacións culturais, deportivas, centros e residencias de persoas maiores, e un longo etcétera. ■